



CIRCULAR 190-2024. **AXUDAS A ATLETAS FGA 2025**

A Federación Galega de Atletismo (FGA) establece, no presente documento, os criterios polos que se reparten 30.000 € en "Axudas a Atletas FGA 2025", así como as contías acadadas polos/as diferentes atletas.

1. Liñas de Axuda:

- **Resultados da participación coa Selección Galega Absoluta.**
- **Resultados da participación individual en Ctos. de España e internacionais.**

1.1. Seleccións Galegas Absolutas

Destínanse, a esta liña de axuda, 15.000€ a repartir proporcionalmente entre as Seleccións Galegas Absolutas segundo o número de participantes.

- Pista

- Fixo por asistencia: 50€
- A cantidade restante, repártese en base aos puntos acadados por atleta, atendendo ao seguinte:

| Posto | Multiplicador de Puntos |
|--------------|--------------------------------|
| 1º ao 3º | x4 |
| 4º ao 6º | x3 |
| 7º ao 10º | x2 |
| 11º ao 16º | x1 |

| Remudas |
|---|
| Os puntos acadados polo equipo, logo de aplicar o multiplicador, divídense entre 2 para o cómputo de cada atleta. |

- Unha vez computados a totalidade de puntos obtidos pola Selección, e calculado o importe restante toda vez asignados os fixos por asistencia, establécese un valor por punto, co que multiplicado polos puntos de cada atleta, resultará o importe para cada persoa.



- Campo a través

- Fixo por asistencia: 50€
- A cantidade restante, repártese en base ao intervalo de posto acadado por atleta, asignándose unha puntuación atendendo ao seguinte:

Longo

| Posto | Puntos |
|---------------|--------|
| 1º ao 5º | 10 |
| 6º ao 10º | 8 |
| 11º ao 20º | 6 |
| 21º ao 40º | 4 |
| 41º ao 60º | 2 |
| 61º en diante | 1 |

Remuda mixta

| Posto | Puntos |
|--------------|--------|
| 1º | 10 |
| 2º | 8 |
| 3º | 6 |
| 5º | 4 |
| 8º | 2 |
| 9º en diante | 1 |

- Unha vez computados a totalidade de puntos obtidos pola Selección, e calculado o importe restante toda vez asignados os fixos por asistencia, establécese un valor por punto, co que multiplicado polos puntos de cada atleta, resultará o importe para cada persoa.

- Trail running

- Fixo por asistencia: 50€
- A cantidade restante, repártese en base ao intervalo de posto acadado por atleta, asignándose unha puntuación atendendo ao seguinte:

| Posto | Puntos |
|---------------|--------|
| 1º ao 5º | 5 |
| 6º ao 10º | 4 |
| 11º ao 20º | 3 |
| 21º ao 40º | 2 |
| 41º en diante | 1 |

- Unha vez computados a totalidade de puntos obtidos pola Selección, e calculado o importe restante toda vez asignados os fixos por asistencia, establécese un valor por punto, co que multiplicado polos puntos de cada atleta, resultará o importe para cada persoa.



- Combinadas

- Fixo por asistencia: 50€
- A cantidade restante, repártese en base aos puntos acadados por táboa húngara por atleta, asignándose unha puntuación atendendo ao seguinte:

| Puntos por táboa húngara | Puntos |
|--------------------------|--------|
| >= 1000 | 10 |
| 950-999 | 8 |
| 900-949 | 6 |
| 850-899 | 4 |
| 800-849 | 2 |
| < 800 | 1 |

- Unha vez computados a totalidade de puntos obtidos pola Selección, e calculado o importe restante toda vez asignados os fixos por asistencia, establécese un valor por punto, co que multiplicado polos puntos de cada atleta, resultará o importe para cada persoa.

1.2. Resultados individuais

A esta liña de axuda destínanse 15.000€, a repartir segundo resultados obtidos en competicións de carácter nacional e internacional, puntuando probas das categorías Sub 20, Sub 23 e absolutas.

| RESULTADOS INDIVIDUAIS | |
|------------------------|----------|
| Absolutos | 15.000 € |
| Categoría Sub 23 | |
| Categoría Sub 20 | |

A seguinte táboa expón as puntuacións que se obteñen da participación e posto acadado, segundo o nivel da competición:

| Absoluta | Participación | De 8° a 4° | De 3° a 1° |
|------------------------------------|---------------|------------|------------|
| Cto/Copa do Mundo/JJ00 | 30 | 45 | 60 |
| Cto/Copa de Área | 20 | 30 | 40 |
| Outras competicións internacionais | 10 | 15 | 25 |
| Cto. de España individual | - | - | 15 |
| Categorías Sub 20 e Sub 23 | Participación | De 8° a 4° | De 3° a 1° |
| Cto/Copa del Mundo | 15 | 25 | 35 |
| Cto/Copa de Área | 10 | 20 | 30 |
| Outras competicións internacionais | 5 | 10 | 20 |
| Cto. de España individual | - | - | 10 |

- Nas probas nas que participe un número de atletas igual ou inferior a 8, acadarase a puntuación relativa á "Participación", independentemente do posto acadado.



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

- A renuncia ou non confirmación de dispoñibilidade para acudir coa Selección Galega, divide a puntuación un 50%. Aínda renunciando ou non confirmando a dispoñibilidade para acudir cunha Selección Galega dunha especialidade (Pista, Campo a Través, etc.), non se aplicará a división se o/a atleta confirma a súa dispoñibilidade ou acude cunha Selección Galega dalgunha outra especialidade ao longo de toda a tempada.
- Valorarase, unicamente, a mellor puntuación obtida nun único evento e especialidade.
- Nas competicións internacionais teranse en conta aquelas nas que se represente á selección nacional.
 - Naquelas nas que se compita a nivel colectivo, terase en conta a clasificación individual.
- Os resultados obtidos en competicións de clubs non puntúan.

2. Puntuacións e contías acadadas por atleta

- Publicaranse, a final de tempada, as contías e puntuacións provisionais acadadas por cada atleta.
- Aos importes finais correspondentes a cada atleta, descontarase o IRPF.

3. Reclamacións

No prazo de cinco (5) días hábiles dende a publicación das contías e puntuacións provisionais, os interesados poderán presentar na dirección electrónica federacion@atletismo.gal, todas aquelas alegacións que estimen convenientes ao seu dereito, solicitando, por exemplo, a rectificación de erros na contía ou a inclusión nas listas.

Tras un exhaustivo análise das alegacións debidamente efectuadas, procederase á publicación da listaxe definitiva.

4. Solicitude de pago

Aqueles atletas, cuxo nome figure na referida listaxe definitiva, poderán solicitar o pago da axuda nun prazo non superior a dez (10) días hábiles dende a publicación da mesma, remitindo ao correo antes indicado a seguinte documentación:

- [Anexo 1](#) debidamente cuberto.
- Certificado de titularidade bancaria.

A Coruña, a 23 de decembro de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo